



Socrates

A NOSA EXPERIENCIA NUN PROXETO EUROPEO SÓCRATES-COMENIUS

No **IES de Ortigueira** realizouse neste curso 2003-2004 unha experiencia nova para o Centro.

A nosa primeira idea foi a de participar conxuntamente nalgún proxecto común europeo que nos fixera sair do noso entorno e darnos a coñecer no exterior e a partir de aí comezamos a prepara-lo que sería o noso **Proxecto Sócrates-Comenius**, no que decidimos traballar sobre os tópicos europeos.

O seguinte paso foi buscar socios e deste xeito entramos en contacto co *Lycée Gabriel Deshayes* de Saint Gildas des Bois (**Francia**), *Ruffwood School* de Kirkby (**Reino Unido**), *Liceul Pedagogic Al Vlahuta* de Barlad (**Rumanía**) e *Istituto Statale di Istruzione Superiore* de Ghilarza (**Italia**). Só quedaba presenta-lo proxecto e solicitar unha axuda para proxectos escolares do programa Sócrates da Unión Europea na Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez aprobado e posto en marcha o proxecto, comezamos a intercambiar correspondencia escolar cos nosos socios. Ó longo de todo o curso pasado, os alumnos españois corresponderon cos alumnos franceses e ingleses e deste intercambio de datos e información partiu a idea de realizar un intercambio escolar con cada un destes países.

INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO ORTIGUEIRA-SAINT GILDAS (FRANCIA)

A viaxe realizouse en autobús. Saímos de Ortigueira o sábado ás 9:00h e chegamos ó noso destino ás 11:00h do domingo. O grupo estivo formado por 19 alumnos-as e dúas profesoras.

Alí, diante do Instituto, esperábannos as familias e correspondentes. Realizouse a distribución dos alumnos no medio de certo nerviosismo e cada un foise coa familia correspondente ás suas casas.

Ó día seguinte, cita no instituto ás 08:00h e benvida agarimosa de M. Poulard, director do Centro, ó que lle fixemos entrega dalgúns agasallos de parte do noso Concello e tamén do noso Centro.

Visita ó centro escolar e pausa café na que os alumnos franceses e españois tiveron ocasión de degustar algúns doces da rexión e relacionarse por primeira vez entre eles. Continuamos coa visita no centro ata a hora do almorzo no comedor escolar. Moi interesante, porque os nosos alumnos non saben cómo funciona a "cantine" e tiveron

oportunidade de comprobar o que tantas veces lles fora explicado na clase.

Pola tarde, que alí empeza ás 13:00h ,saimos hacia o **Parque Natural de Brière**, zona de marismas e realizamos un paseo nunha chalana.

O día seguinte pasámolo no sur do Loira. Visitamos o **Castelo** e o **Lycée de Briacé**. Paseo polos invernadoiros e as adegas onde os alumnos do instituto producen os seus propios viños de *Muscadet* , que é o viño típico da zona. Explicáronnos todo o proceso e os métodos de cata de viño con degustación incluída.

Almorzo no comedor do Instituto acompañados dun grupo de alumnos. Pola tarde visitamos **Clisson**, un pobo pintoresco con arquitectura de estilo italiano.

O noso terceiro día transcurriu no pobo de **Saint Gildas**, onde está ubicado o instituto. Pola mañá, permanecemos no centro escolar e fomos recibidos na "*Communauté des Comunes*", onde nos explicaron a división Administrativa e o funcionamento da administración francesa. Alí, fomos agasallados cunha degustación de crêpes e sidra bretóns. Despois fixemos unha visita á **Igrexa** e ó **Mosteiro** antes de volver cada un á súa familia, xa que os mércores pola tarde non hai clase nos colexios franceses.

Ó día seguinte desplazámonos en autobús á **Saint Nazaire** e visitámo-los *Astaleiros do Atlántico* onde se constrúe parte do Airbús europeo e descubrímo-lo *Queen Mary II*, o maior trasatlántico do mundo, Paseamos polas Ramblas de "**La Baule**", a praia máis longa de Europa e visitámo-las **Salinas de Guerande** con almorzo ó aire libre e degustación de ostras. Pola tarde, visita á **Guerande**, pobo medieval rodeado de murallas.

O venres, foi o día adicado á **Nantes**, a capital da rexión. Alí, participamos nun Xogo de Pistas. Tratábase, divididos en grupos, de percorrer a cidade para coñecer os principais monumentos contestando unha serie de preguntas. Almorzou de "picnic" e tempo libre, moi desexado polos alumnos para facer compras. Pola noite, convivencia de tódolos alumnos franceses e españois, xunto coas familias de acollida, profesores e autoridades académicas e políticas. Presentación do Proxecto Sócrates- Comenius á todala Comunidade. Explicación dos obxetivos e presentación de tódolos socios europeos participantes no proxecto. Cando nos tocou o noso turno, amosamos o noso entorno a través dalgúns carteis que colocamos na sá e pasamos, mediante unha gran pantalla, as imaxes que tiñamos preparadas sobre a nosa vila e o IES de Ortigueira. Tódolos asistentes amosaron un gran interese e desexo de coñecer en persoa o que estaban vendo e pedíronnos máis información acerca da nosa vila. Tamén

quedaron abraiados cando escoitaron a música que acompañaba ó video e ó comprobar que a música da nosa terra non se correspondía coa que eles asociaban á España, é dicir, guitarra e flamenco.

E chegou a hora do aperitivo e tamén da outra sorpresa que levabamos preparada: a actuación de dúas das nosas alumnas tocando a gaita e a pandeireta. Foi o colofón e un éxito rotundo. Houbo reparto de agasallos ós alumnos españois e unha cea-buffet con receitas dos cinco países que interveñen no proxecto Comenius (España, Francia, Reino Unido, Italia e Rumanía). Aí xa houbo unha mixtura entre todos e tamén baile con cancións en español.

O sábado, os alumnos permaneceron todo o día coa familia cos que visitaron diferentes localidades e os profesores tivemos unha reunión de participantes no proxecto Comenius.

O domingo tamén permanecemos coas familias ata as 18 horas, cando nos reunimos outra vez diante do centro porque chegaba a triste hora da despedida. E tan triste, porque o adeus foi moi emotivo e os choros e as bágoas dos alumnos comezaron alí, pero continuaron intermitentemente ó longo de toda a viaxe de volta.

E despois de toda unha noite de ruta, chegamos á Ortigueira, cansos, pero ledos de voltar a ver a familia e amigos e deixando atrás unha experiencia que sempre lembraremos.

A TORRE DE BABEL EN ORTIGUEIRA

Durante a semana do 15 ó 20 de Marzo, Ortigueira recibiu a visita de profesores e alumnos de 4 países europeos.

Esta estancia enmárcase dentro do Proxecto Sócrates-Comenius financiado pola Unión Europea, no que está participando o IES Ortigueira.

Alumnos e profesores de Francia e Reino Unido, ós que se uniron outros profesores de Italia e Rumanía, poideron coñecer e disfrutar durante uns días do noso contorno, a nosa gastronomía, en resumo, da nosa cultura.

A experiencia comezaba coa chegada do grupo de Kirkby, poboación cercana a Liverpool e case ó mesmo tempo, chegaba a primeira decepción, xa que o grupo de franceses vía como a súa ilusión se desvanecía pola prohibición do seu Ministerio de viaxar ó noso país a causa dos atentados de Madrid. Decepción dos alumnos e alegría posterior ó recibi-la noticia de que os franceses chegarían a Ortigueira, anque con 3 días de retraso respecto ós plans iniciais.

Ó longo da semana, os alumnos e profesores realizaron visitas culturais a Santiago e á Coruña, asistiron ás clases cos seus corresponsais, foron recibidos no Concello e asistiron á presentación do Proxecto que tivo lugar na

Fundación Federico Maciñeira. Neste acto, expúxose ós asistentes en que consiste o traballo que os alumnos están levando a cabo sobre os tópicos europeos. Ademais, os xoves orteganos participaron activamente dando a benvida en cada unha das linguas dos seus convidados: francés, inglés, italiano e rumano. O acto pechouse con cancións de cada un dos países representados, interpretadas polos propios alumnos, seguidas dunha breve actuación dun grupo de gaitas.

O encontro quedou pechado nun ambiente festivo cunha comida na Área Recreativa de Mera, onde alumnos, pais e profesores disfrutaron dunha xornada de convivencia que serviu para coñecerse un pouco máis.

.... e chegou a despedida con moitas bágoas e un ... non che digo "Adeus", dígoche "Ata logo"